

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E O CONSELLO GALEGO DA ARQUITECTURA TÉCNICA PARA PROMOVER O COÑECEMENTO EN MATERIA DE CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN CON MADEIRA E A DIVULGACIÓN DE OBRAS EXEMPLARES

En Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria segundo o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73) polo que se dispón o nomeamento dos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Economía e Industria en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e actuando así mesmo na súa condición de presidenta da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 11 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos e do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

Doutra parte, don Manuel Rañó Rodríguez, actuando en representación do Consello Galego da Arquitectura Técnica, en virtude da súa condición de Presidente do Consello Galego da Arquitectura Técnica, segundo o Decreto 227/2022, de 22 de decembro, polo que se crea o Consello Galego da Arquitectura Técnica e se aproban os seus estatutos.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente ACORDO de colaboración e, na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, establece como unha entidade pública instrumental do sector público autonómico, adscrita á Consellería de Economía e Industria, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, a Axencia), á que lle corresponde o exercicio das competencias dispostas no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Segundo.- Que a Axencia é unha axencia pública autonómica que, de acordo co Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar



con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo co principio de colaboración interadministrativa.

Terceiro.- Que a Axencia ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal, a definición e promoción de estratexias que logren unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e a industrialización dos recursos naturais, co fin de conservar o patrimonio natural, a biodiversidade e o uso sustentable dos ditos recursos.

Cuarto.- Que a Axencia integra dentro da súa estrutura (Decreto 81/2017) o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) como centro especializado nos diferentes usos deste ben natural e que, entre outras actividades, desenvolve asistencia técnica, forma a profesionais no campo da construción e rehabilitación con madeira, e promove iniciativas de bioeconomía e deseño biofílico.

Quinto.- Que a Axenda de Impulso da Industria Forestal-Madeira (promovida pola XERA e desenvolvida en colaboración coa Universidade e as principais entidades e asociacións do sector) destaca que a madeira é renovable, sustentable e pódese utilizar, reutilizar e reciclar. Por iso, é unha materia prima clave para o modelo de transición de Europa cara a unha bioeconomía circular destinada a impulsar a competitividade global, fomentar o crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo. Que, entre as actuacións que se prevén na Axenda, descríbense como prioritarios o desenvolvemento dun "Programa de promoción do uso da madeira en construción" (4.1.4) e a "Promoción da madeira con prescritores e consumidores finais" (3.4.1) [dentro das rutas de mellora 3 "Cooperación e valorización" e 4, "Competitividade, desenvolvemento e diversificación"].

Sexto.- Que a industria forestal de Galicia é un sector estratéxico da economía galega, que mantén máis de 21.000 postos de traballo directos e que realiza unha actividade industrial que favorece a xeración de rendas ás persoas propietarias de monte, ademais de contribuír a mellora da situación económica das zonas rurais a través da creación e consolidación de postos de traballo vencellados á industria, impulsando a xeración de valor na cadea monte-industria.

Sétimo.- Que a construción con madeira móstrase como un dos camiños que permiten combater o cambio climático, pois xera menos emisións de CO₂ que outros materiais de construción. Ademais, o uso da madeira no sector da construción favorece a conservación e mantemento dos bosques ao ofrecer incentivos para unha xestión forestal sostible.

Oitavo.- Que o Consello Galego da Arquitectura Técnica (en diante, o Consello) constitúese como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e réxese pola Lei de Colexios profesionais, a lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia en canto lle sexa aplicable, polos



estatutos xerais do Consello Xeral e polos seus propios estatutos e está formado polos Colexios oficiais da arquitectura técnica da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Noveno.- Que é desexo da Axencia e do Consello establecer un marco de colaboración que favoreza a realización de traballos conxuntos para mellorar a formación dos e das profesionais da arquitectura técnica e potenciar a súa especialización en construción e rehabilitación con madeira, fomentar o intercambio de coñecemento con outras profesións con ámbitos de traballo compartidos e incrementar a notoriedade de obras exemplares, tanto entre as persoas profesionais como entre a cidadanía en xeral. En virtude do exposto, as partes subscriben o presente ACORDO, que se rexera polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente Acordo ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre o Consello e a Axencia, relacionado coas actuacións para promover a formación, transferencia e difusión do coñecemento en materia de construción e rehabilitación con madeira e de divulgación de obras exemplares.

Segunda.- Obxectivos estratéxicos da colaboración

Son obxectivos estratéxicos da colaboración da Axencia e do Consello no marco deste acordo:

- Diseñar actuacións conxuntas para difundir as vantaxes ambientais, sociais e económicas do emprego da madeira en construción así como á divulgación de obras exemplares.
- Colaborar en materia de transferencia de coñecemento mediante o asesoramento mutuo e o desenvolvemento de mecanismos comúns para a valorización de resultados relacionados cos obxectivos deste Acordo.
- Promover a colaboración en materia de formación, de divulgación de produtos de madeira, das cadeas industriais de transformación locais, selos de garantía, conformidade normativa e sostibilidade, do uso e desenvolvemento de novos materiais de madeira para a construción e de técnicas construtivas e de rehabilitación.
- Cantos outros se consideren de interese mutuo, dentro das disponibilidades das institucións e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo de colaboración.

Terceira.- Obxectivos específicos da colaboración

Son obxectivos específicos da colaboración da Axencia e do Consello no marco deste acordo:

- Organización de accións formativas en materia de edificación, rehabilitación e sostibilidade.



- Organización de actividades divulgativas e de promoción como organización de xornadas técnicas sobre produtos de madeira, técnicas construtivas, etc; programación de visitas a obras exemplares e viaxes de coñecemento ou edición de publicacións.
- Asesoramento técnico mutuo no deseño de programas, accións ou liñas de axuda vinculadas á construción con madeira e no desenvolvemento de proxectos singulares.
- Difusión de actuacións desenvolvidas nos ámbitos da construción con madeira, tanto organizadas de modo conxunto como individualmente por ámbalas dúas institucións.

Cuarta.- Réxime económico

O presente Acordo de colaboración non xera obrigas económicas entre as partes asinantes.

Quinta.- Modificacións

Sen prexuízo do previsto na cláusula segunda, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto de modificacións a través das correspondentes addendas por acordo unánime expreso das partes.

Sexta.- Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá 4 anos de vixencia, prorrogándose ata un máximo de 8 anos, sempre que a prórroga se adopte con anterioridade á finalización da súa vixencia.

Sétima.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para atender o adecuado desenvolvemento do acordo, que terá entre as súas funcións:

- Efectuar o seguimento, vixilancia e control do presente ACORDO.
- Efectuar o seguimento no avance das actuacións da cláusula segunda.
- Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das cláusulas do presente ACORDO.

Esta comisión mixta de seguimento estará formada por catro representantes:

- Dúas persoas da Axencia.
- Dúas persoas do Consello.

A comisión xuntarase, cando menos, unha vez ao ano para realizar unha revisión e seguimento das actuacións desenvolvidas, así como para acordar as seguintes accións a desenvolver. Dita comisión constituirase no prazo de trinta (30) días contados a partires da data da sinatura deste ACORDO.

Oitava.- Protección de datos



A Axencia e o Consello manifestan que coñecen e cumprirán a lexislación europea sobre protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste acordo, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na súa normativa de desenvolvemento, en especial, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Novena.- Réxime xurídico

O presente acordo atópase suxeito ao disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima.- Relacións laborais

A subscrición deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Axencia Galega da Industria Forestal, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste acordo.

Undécima.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Duodécima.- Propiedade intelectual e industrial

A propiedade intelectual e industrial dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste acordo, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios. En todos os materiais que se realicen froito do presente ACORDO aparecerán como coautores a Axencia e o Consello.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste ACORDO debe figurar de xeito expreso o logotipo da Xunta de Galicia e, calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa da participación conxunta do Consello e da Axencia.

Décimo terceira.- Rescisión do acordo

Son causas de rescisión deste acordo:



- Acordo mutuo das persoas asinantes.
- Incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no acordo.
- Transcurso do prazo de vixencia do acordo sen terse acordado a prórroga deste.

En proba de conformidade, e para que conste aos efectos oportunos, asinan na data indicada pola sinatura dixital e a un só efecto.

A Presidenta da Axencia Galega da
Industria Forestal

O Presidente do Consello Galego da
Arquitectura Técnica

María Jesús Lorenzana Somoza

Manuel Rañó Rodríguez